



Parte da proba de acceso substitutiva da ESO para ensinanzas artísticas/deportivas

Materia: Lingua Galega

Grao	MEDIO	Data		DNI/NIF	
Alumno/a					
Cualificación					

INSTRUCCIÓN

Formato

A proba consta de dous exercicios, cun total de trece preguntas, distribuídas da seguinte maneira:

- **Primeiro exercicio.** Consta de doce preguntas con tres posibles respostas das que só unha é correcta. Organízanse en tres bloques: bloque A, composto por tres preguntas relacionadas coa lectura comprensiva dun texto; bloque B, composto por catro preguntas referidas a coñecementos lingüísticos; e bloque C, composto por cinco preguntas, das cales tres están referidas a aspectos literarios e dúas ao grupo de contidos curriculares de "Lingua e sociedade".
- **Segundo exercicio.** Consta dunha única cuestión que require a elaboración dun texto escrito por parte das persoas candidatas.

Puntuación

Total: 10 puntos.

Valorarase con 0,5 puntos cada resposta correcta do primeiro exercicio da proba, até un máximo de 6 puntos. Non haberá penalización en caso de erro. A pregunta de produción textual do segundo exercicio estará valorada cun máximo de 4 puntos.

Procedemento

A proba terá unha duración de sesenta minutos (1 hora).

Execución

As respostas ás cuestións tipo test indicaranse debidamente na táboa final de respostas.

Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba

Só se poderá utilizar bolígrafo con tinta negra ou azul.

Advertencia para o alumnado

Está prohibido usar material adicional para a realización da proba. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión.

Exercicio 1

Texto

Unha nova tribo urbana

Marina Mayoral

19 de novembro de 2023.

Véxoos polo meu barrio en Madrid, pero persoas con quen o comentei dixéronme que tamén están polos seus. A súa característica esencial, o que lles dá unha identidade propia, é que os seus ollos só miran á pantalla do móbil que levan nunha man; na outra adoitan levar unha pequena maleta e ás costas unha mochila. Hainos de todas as idades. Predominan os mozos, case adolescentes, pero vin mesmo a un bebé mirando un móbil. Ía nun carriño empuxado por unha muller, que á súa vez miraba o seu móbil. Non parecen agresivos, nin que teñan intención de molestar, pero se os ven vir, apártense, porque eles non o fan: tropezan contigo e, sen desculparse nin mirarche, seguen o seu camiño sen apartar a vista da pantalla.

Coido que son alleos ao mundo circundante, cara ao que manifestan un absoluto desinterese. Nos transportes públicos xamais se levantan para deixar o sitio a persoas maiores ou con minusvalías físicas, mesmo cando van ocupando asentos reservados para estas. En dúas ocasións, viaxando en coche e en autobús, puiden constatar que non miran a paisaxe. Se a persoa que os acompaña lles fai notar a beleza do lugar que están a percorrer, voltean a cabeza cara á xanela apenas un segundo e rapidamente volven mirar o seu móbil. Son robots humanos dependentes dunha pantalla.

E que miran nos seus móbiles? Participan en xogos de tipo bélico ou en competicións deportivas. Todo moi insolidario e violento. E nada de cultura. Que sucederá se estes mozos se ven privados dos seus móbiles? O seu cerebro será capaz de adaptarse ao mundo ou serán só máquinas desenchufadas que esperan que volva a elas a corrente? Poderán superar a súa adicción ás pantallas e vivir a vida real? Oxalá.

Marina Mayoral, lavozdeg Galicia.es (19/11/2023)

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/opinion/2023/11/19/unha-nova-tribo-urbana/0003_202311G19P20993.htm

Indique a resposta correcta

A/ Comprensión escrita

1. Cal é a idea central do texto?
 - a) A insolidariedade da xente nova cara ás persoas maiores ou con minusvalías físicas.
 - b) A dependencia que a sociedade actual manifesta respecto do uso dos dispositivos móbiles.
 - c) A agresividade que produce o uso continuado dos dispositivos móbiles a calquera idade.
2. Indica cal dos seguintes enunciados é o correcto:
 - a) O uso dos teléfonos móbiles abstrae a sociedade da realidade que os rodea.
 - b) O uso dos teléfonos móbiles está moi estendido, pero só é preocupante entre os máis novos.
 - c) O problema máis grave do uso e abuso dos teléfonos móbiles é a súa repercusión na saúde das persoas.
3. Cal é a intención comunicativa predominante do texto?
 - a) Informar sobre a posible prohibición do uso de dispositivos móbiles entre os máis novos.
 - b) Persuadir os usuarios dos dispositivos móbiles para que deixen de usalos.
 - c) Expresar unha opinión sobre o uso inadecuado dos dispositivos móbiles por parte de moitas persoas.

B/ Aspectos lingüísticos

4. Cal destas palabras é sinónima de «costas» (líña 3)?
 - a) Espalda.
 - b) Lombo.
 - c) Cadrís.
5. Atendendo á súa estrutura, que tipo de palabras son «desinterese» (líña 8) e «insolidario» (líña 15)?
 - a) Parasintética e derivada, respectivamente.
 - b) Composta e derivada, respectivamente.
 - c) Ningunha das dúas opcións anteriores é correcta.
6. Cales son os plurais correctos de «quen» (líña 1), «un» (líña 4) e «real» (líña 17)?
 - a) Quen, unhos e reales.
 - b) Quen, uns e reais.
 - c) Quenes, uns e reales.
7. Cales son as tres primeiras formas do presente de indicativo da forma «seguen» (líña 7).
 - a) Sigo, segues, segue.
 - b) Sigo, sigues, sigue.
 - c) Sigo, sigues, segue.

C/ Coñecementos literarios e contidos de "Lingua e sociedade"

8. Síntese cal é a periodización na que adoita dividirse a literatura galega anterior ao século XX.
- Idade Antiga, Séculos Escuros, Rexurdimento e Século de Ouro.
 - Idade Media, Séculos Escuros, Prerrexurdimento e Rexurdimento.
 - Século de Ouro, Séculos Escuros, Prerrexurdimento e Rexurdimento.
9. Como se denomina o recurso estilístico que consiste na repetición dunha ou máis palabras ao principio de dous ou máis versos dun poema?
- Asíndeto.
 - Aliteración.
 - Anáfora.
10. Dous dos libros máis importantes de Rosalía de Castro son:
- Negra Sombra e Cantares Gallegos*.
 - Follas Novas e Cantares Gallegos*.
 - Aires da Miña Terra e Follas Novas*.
11. As interferencias lingüísticas son comúns en...
- Territorios onde entran en contacto dous sistemas lingüísticos.
 - Territorios monolingües con falantes sen coñecemento do estándar.
 - Territorios só con falantes puristas.
12. O concepto de lingua minorizada...
- É sinónimo de lingua minoritaria.
 - Fai referencia á lingua que se atopa nunha situación de inferioridade ao ver restrinxidos os seus usos.
 - Fai referencia a unha lingua que non conta con normas ortográficas e morfolóxicas.

Exercicio 2

Producción textual

Tendo en conta as ideas do texto inicial, exprese a súa propia opinión a respecto do emprego dos móbiles. Argumente a súa posición a favor ou en contra do seu uso. (Extensión: 80-100 palabras).

A resposta é libre. O desexable é que se elabore un texto seguindo a estrutura de "presentación", "exposición dos argumentos" e "conclusión". Así mesmo, valorarase a utilización de indicacións valorativas e a exposición de ideas propias, sen copiar o texto inicial.

Desde o punto de vista da expresión, valorarase a produción dun discurso correcto, claro, coherente, ben cohesionado e adecuado a un rexistro de lingua formal. Daquela, considerarase positivamente a boa estruturación dos contidos, a intelixibilidade e adecuada progresión da argumentación, o manexo dos recursos de cohesión e a correcta selección do vocabulario; e penalizaranse os erros de lingua e o emprego de expresións coloquiais ou propias da oralidade.

Lingua Galega

Táboa de respostas do test

Marque cun X a letra da resposta que considere correcta:

TÁBOA DE RESPOSTAS			
Nº	A	B	C
1		X	
2	X		
3			X
4		X	
5			X
6		X	
7	X		
8		X	
9			X
10		X	
11	X		
12		X	

Preguntas tipo test	/ 6
Producción textual	/ 4
Total	/ 10